

CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA CORPORACIÓN
CELEBRADA POLO PLENO O 28 DE DECEMBRO DE 2019.**

ASISTENTES:

PRESIDENTA:

María Inés Monteagudo Romero (PP)

CONCELLEIROS/AS:

D. José Vázquez Rama (PP)

D^a María del Carmen González García (PP)

D. Juan Manuel Martínez Martínez (PP)

D^a Caridad González Cerviño (PSOE)

D^a María Del Rosario Fernández Piñeiro (PSOE)

D. Sandra Maneiro Pais (PSOE)

D. Ramón Lago Tajés (PSOE)

D^a María Xosé Alfonso Torres (CxG)

D. Jose Antonio Uhía Martínez (CxG)

D. Jose Manuel Quintela Fernández, (CxG)

D^a María Lago Lestón (BNG)

D^a Paula Simal Mayo (BNG)

INTERVENTOR

D. Fernando Vicente Abraldes Rois

SECRETARIA XERAL

D^a María Ofir Aboy García


No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as 10:00 a.m do día de referencia reúnen en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión extraordinaria e urxente, asistidos de min, a secretaria xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

ORDE DO DÍA

1º Ratificación da urxencia

Intervén a señora alcaldesa da corporación, María Inés Monteagudo Romero para dicir que como cree que se ve na documentación que se enviou dende secretaría, o prazo para presentar alegacións á conta xeral rematou onte ás doce da noite, e por iso xa quedáramos en que se ía a convocar o pleno hoxe porque tiña que vir acompañado da certificación de que non se presentaran alegacións e había que



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

esperar a que rematara ese prazo. A urxencia ven determinada porque é importante aprobar a Conta Xeral antes de que remate o ano, porque aínda que é un acto formal ten bastante transcendencia á hora de que se ingresen determinados fondos e subvencións no concello e por iso a urxencia desta convocatoria.

Pregunta se alguén ten algo que comentar e non habendo ninguén que queira facer uso da palabra se vota a urxencia a mesma e aprobada por unanimidade dos grupos políticos da corporación.

“2. Aprobación da conta xeral do exercicio 2018

Intervén a señora alcaldesa para dicir que a Conta Xeral está informada pola intervención municipal e sometida á Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o 21 de novembro de 2019 na cal se dictaminou con carácter de favorable, estivo en información pública mediante o seu anuncio no BOP e no taboleiro e como lles decía o prazo de alegacións rematou onte ás doce da noite e non houbo ningunha alegación como acredita a certificación da secretaría.

A señora alcaldesa da lectura á proposta que se presenta ao pleno que é do teor literal seguinte:

Primeiro. Aprobar a Conta Xeral do exercicio económico 2018 .

Segundo. . Rendir a conta Xeral aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia

Intervén a señora alcaldesa para dicir que se enviou algunha documentación a maiores con esta convocatoria pero era unha documentación que xa existía na Conta Xeral en outro formato a acta de arqueo que foi o que se vos enviou xunto co ditame da comisión que como dicia foi favorable. Di que non hai moito mais que dicir, só que é un acto transcendente para o concello rendir a Conta Xeral antes do día no que remate o ano e así o traen a pleno con esta premura e vendo hoxe o día que é

Rematadas as intervencións, o pleno da corporación por maioría absoluta dos seus membros, cos votos a favor do grupo municipal popular, grupo municipal CxG, e grupo municipal do BNG e a abstención do grupo municipal socialista, adopta os seguintes acordos

Primeiro. Aprobar a Conta Xeral do exercicio económico 2018 .

Segundo. . Rendir a conta Xeral aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia.

E sen máis asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa da as grazias a todos e da por rematada a sesión, cando son as dez e cinco minutos do día de referencia , de todo o que eu como secretaria dou fe.

A secretaria Xeral.